

# Xeometría no Pórtico da Gloria



Desde xullo de 2018, o Pórtico da Gloria xa loce a súa recuperación policromía. O Mestre Mateo tardara vinte anos –entre 1168 e 1188– en realizar esta excepcional obra, que representa un paradigma universal para a arte románica.




Existen xustificados motivos para poder asegurar que o popular *santo dos croques*, situado na parte baixa do Pórtico, cara ao altar maior da catedral, representa a figura do propio autor.


Posto que a catedral está dedicada ao Apóstolo, Santiago ocupa un lugar destacado no Pórtico: sentado no medio, baixo o tímpano, confundíndose co mesmo parteluz, diante del.




Desde o punto de vista xeométrico, ten interese a auréola circular situada trala cabeza de Santiago. Representa un exemplo de *simetría radial* de orde 12 xa que, xirando arredor do centro da propia auréola, podemos facer ata doce xiros distintos nos que volve a coincidir consigo mesma despois de realizalos.



Representada a auréola polo círculo interior, os sucesivos doce xiros, de centro  $C$  e amplitudes sucesivas:  $30^\circ$  ( $\alpha$ ),  $60^\circ$  ( $\beta$ ),  $90^\circ$  ( $\gamma$ ) e así sucesivamente ata chegar ao de  $360^\circ$  ( $\omega$ ), deixan todos eles a figura na posición inicial.



Unha das características que identifican os distintos estilos da arte é a forma dos arcos que empregan na súas respectivas construcións. Deste xeito, no románico faise uso do arco de medio punto, arco de semicircunferencia ( $180^\circ$ ) con diámetro horizontal e, con tal motivo, un só centro ( $C$ ). Pola súa parte, no gótico utilízase o arco oxival, formado pola unión de dous arcos de circunferencia con outros tantos centros ( $A$  e  $B$ ) na mesma horizontal. O arco de ferradura –cun só centro ( $C$ ), como o románico, pero cun trazado que se prolonga por debaixo da horizontal do propio centro (máis de  $180^\circ$ )– ten presenza na arte visigótica ou na mozárabe. Como composición románica que é, o Pórtico da Gloria consta de tres arcos de medio punto: un máis grande no centro, dotado de tímpano, e outros dous nos laterais, máis pequenos e ocos, e iguais entre si.”



No Pórtico, como en tantas obras de arte, están presentes a *proporción* –relación numérica entre as súas medidas, como o largo e o ancho, entre outras– e as *simetrías*. Tres simetrías evidentes son as que reflicte o debuxo esquemático: unha simetría especular de todo o conxunto, a marcada pola liña negra grosa vertical, a que baixa polo parteluz; e outras dúas simetrías, de cada un dos arcos laterais, marcadas por as liñas descontinuas vermellas.

Chámanse *simetrías especulares*, porque fan sobre os obxectos o mesmo efecto que os espellos: nas súas imaxes, consérvanse as distancias, pero invístese a orientación das mesmas.



Rito de colocar os dedos da man na columna do parteluz e a súa imaxe especular